

PRESENTÁSE EN SANTIAGO A PRIMEIRA ANTOLOXÍA DOS VERSOS QUE ROSALÍA DEDICOU Á CIDADE



Juan Conde, Helena Villar Janeiro, Xosé Sánchez Bugallo, Xosé Manuel Villanueva e Henrique Alvarellos

- O libro *Versos a Compostela*, aparece co-editado por Alvarellos Editora e o Consorcio de Santiago en edición bilingüe con introdución de Xesús Rábade Paredes.
- Helena Villar Janeiro, responsable da traducción e coidado do texto, afirma que “Rosalía son vinte ou vintecinco poetas nunha soa; nesta obra aparece toda ela”.

Versos a Compostela reúne por vez primeira –e en edición bilingüe– os poemas nos que a cidade de Santiago é o referente lírico e existencial de Rosalía de Castro (1837-1885). A Fundación Eugenio Granell acolleu a presentación desta obra, nun acto presidido polo alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, e no que tamén participaron a responsable da tradución e coidado dos textos, Helena Villar Janeiro (presidenta da Fundación Rosalía de



Castro), o xerente do Consorcio de Santiago, Xosé Manuel Villanueva, o responsable de Publicacións Juan Conde, e o editor Henrique Alvarellos.

Nas páxinas destes *Versos a Compostela* gozaremos da poeta en estado puro: intimista, moderna e turbadora. Xunto aos poemas, antigas fotografías dun Santiago contraditorio, de “sombras queridas” mais tamén de “sombras odiadas”.

A escritora e profesora Helena Villar Janeiro (presidenta da Fundación Rosalía de Castro) é a responsable da edición literaria e tradución dos textos de *Versos a Compostela*, mentras que Xesús Rábade Paredes asina un clarificador estudo introdutorio. No acto de presentación Villar manifestou que “Rosalía son vinte ou vintecinco poetas nela soa. Nesta obra aparece toda Rosalía: tráxicamente marcada pola dor, irónica, sarcástica, autora teatral (véxase “A probiña que está soa”)... en definitiva, toda a poética de Rosalía.



Helena Villar Janeiro e Xosé Sánchez Buqallo

O alcalde de Santiago manifestou que esta cidade “era especialmente pechada e oscura naqueles anos, unha cidade ultraconservadora na que lle debeu ser moi difícil vivir á escritora”.

O RETRATO INÉDITO DE FENOLLERA

Esta edición enriquecese, así mesmo, coa recuperación dun retrato inédito de Rosalía: o busto realizado arredor de 1904 polo pintor José María Fenollera. O orixinal está perdido e unha copia foi exposta por vez primeira en 1985 no escaparate do fotógrafo Guitián, na Rúa do Vilar, en Santiago de Compostela.

Este novo volume (o número 8) da Colección Rescate aparece publicado en co-edición co **Consortio de Santiago**.

A AUTORA

Rosalía de Castro (Santiago, 1837- Padrón 1885) é a figura central do rexurdimento da literatura galega no século XIX e unha das poetas máis destacadas das literaturas galega e española de todos os tempos. Autora de *Cantares Gallegos*, cuxa publicación en 1863 supuxo un acontecemento cultural de primeiro orde na cultura galega (un dos primeiros libros escrito enteiramente en galego na Idade Contemporánea), e *Follas Novas* (1880),



poemario ontolóxico e tamén de denuncia social, o seu derradeiro libro foi *En las orillas del Sar* (1884) toda unha obra mestra en castelán. Rosalía merece ser considerada, xunto a Gustavo Adolfo Bécquer, como a precursora da modernidade poética. A data de aparición de *Cantares Gallegos* conmemórase todos os anos durante o Día das Letras Galegas.



Público asistente ó acto

